Galicia Encantada

ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Santa Compaña polo mar de Pontedeume

O avó dunha tía da miña informante saíu unha noite fóra da casa e viu que polo mar que separa Redes, no concello de Ares, de Ventosa, en Centroña, Pontedeume, "camiñaban" unhas luces, como candeas. Ao pouco morreu o seu irmán. Todos souberon que as candeas que vira o avó eran portadas pola Santa Compaña.

[Información achegada por Pilar Carpente Leira e elaborada por Xabier Moure Salgado, en abril de 2013]